



CIRCULAR Nº 25

TEMPADA 2022/23

XXXIV CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO EQUIPOS – CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA

DATAS E LOCAL DE XOGO

Sábado, 3 de xuño de 2023

[Pavillón Campo da Serra, Santa Icia \(Narón\).](#)

PROBAS A DISPUTAR

- Equipos masculinos
- Equipos femeninos

SISTEMA DE XOGO

- Equipos Masculinos e Femeninos: Copa do mundo (mínimo 3 xogadores)

INSCRICIÓNS

Os cupos de participación serán:

- Equipos masculino: 8 equipos
- Equipos feminino: 8 equipos

Todas as inscricións deberán formalizarse mediante o **novo sistema de inscrición** da FGTM antes do **23 Maio de 2023 ás 14:00 h.**

Para determinar as cotas de participación, así como a orde dos cabezas de serie nas probas de equipos, elaborárase un ranking de equipos inscritos en función das súas puntuacións totais. Estas puntuacións totais resultarán de sumar os tres xogadores/as de cada equipo con maior puntuación parcial.

- As puntuacións parciais para os xogadores/as inscritos adxudicaranse en función da seguinte táboa:

Estatus do xogador/a en ligas no momento de formaliza-la inscrición	Puntos
3ª Galega Masculina ou 1ª Galega Feminina	1
2ª Galega Masculina	2
1ª Galega Masculina ou 2ª Nacional Feminina	3
3ª Nacional Masculina	4
2ª Nacional Masculina	5
1ª Nacional	6
División de Honra	8
Superdivisión	10



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Rúa Pablo Iglesias 2
15688 – Oroso (A Coruña)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

- En caso de empate entre dous ou mais equipos, decidirá o seguinte orde:
 - 1) Equipo co 4º xogador con maior puntuación
 - 2) Equipo pertencente ó club cun equipo en maior categoría de ligas nacionais
 - 3) Sorteio
- As substitucións ou baixas posteriores ó peche de inscricións de xogadores nun equipo implicará a modificación correspondente da puntuación total do mesmo.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, a FGTM enviará a factura correspondente ó total das taxas de inscrición:

- Equipos: 10 €/equipo
- Individuais: 5 €/xogador/a
- Dobres: 5 €/parella.

Prégase ós clubs que non realicen ningún pago ata que non reciban a correspondente factura.

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta **Banco Santander ES75 0049 5600 1721 1000 4314**, indicando o número de factura, e enviando o xustificante de ingreso a tesoreria@fgtm.es. **Non se admitirá ningunha inscrición que non realizase o abono da factura nun prazo de 48 h despois de recibida e enviase o correspondente xustificante de pago.**

Tal como se especifica na Circular nº 12 – Normativa dos Campionatos Galegos, aquelas inscricións recibidas fóra de prazo ou que non formalizasen o pago dos dereitos de inscrición no prazo indicado, para regularizar a súa situación, deberán aboar o dobre dos dereitos de inscrición arriba indicados. Estas inscricións, se se producen antes da publicación do listado definitivo de inscritos, serán admitidas sempre e cando veñan acompañadas do xustificante de pago. Se se producen despois, quedarán en reserva á espera de posibles baixas na competición. Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á [Circular n12 – Normativa dos Campionatos Galegos](#), que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.

Oroso, 21 de Abril de 2023

Fernando Álvarez
Comité de Actividades FGTM